



CONCELLO DE SANTIAGO

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 6 DE XULLO DE 2010

LICENZAS

FAVORABLES.-

Lic/531/2010.- Manuel Osorio Nogueira.- Galpón na rúa Santa Teresa de Jornet.

PARCELACIONES.-

Lic/483/2010.- Aurea Clara Otero Raviña.- Parcelación urbanística dunha parcela sita en Mourentán – Labacolla.

Lic/1291/2010.- Ramón Lodeiro Puente.- Parcelación urbanística da parcela 59 do Plano Xeral de Concentración Parcelaria de San Martiño de Laraño para agrupar a parcela resultante á parcela 60 da mesma concentración.

ACEPTACIÓN DE ESCRITURA DE CESIÓN.-

Lic/1199/2007.- Oscar Andrés Quintela.- Vivenda unifamiliar en Sabugueira – Carballal s/n.

RECURSO DE REPOSICIÓN.-

Lic/399/2007.- Urbigal, S. L.- Edificio de 3 sotos, destinados a garaxe, planta baixa para uso comercial, 5 plantas de piso para 74 vivendas e baixo cuberta para rochos, na parcela 4 do bloque 2 do Polígono 4 de Fontiñas (-).

SUBSANAR ACORDO.-

Lic/38/2009.- Olga Regueiro Rivas.- Instalación dun ascensor na rúa García Prieto nº 23 -25.

DEVOLUCIONS DE FIANZA.-

1516/10.- Promociones y Construcciones Carollo y Raña, S. L.- Expte. Lic/2513/2004...3.500 €.-

1517/10.- Promociones y Construcciones Carollo y Raña, S. L.- Expte. Lic/2514/2004...2.000 €.-

1525/10.- Manuel Baña Tuñas.- Expte. Lic/1326/2006 6.000 €.-

OCIHR

LICENZAS

LIC/692/2009.- D. JOSÉ JUAN VILAS IGLESIAS- Rehabilitación de vivenda unifamiliar na rúa de Sar nº15.

LIC/952/2008.- Dna. MARÍA RAMOS QUINTANS- Rehabilitación de vivenda unifamiliar (baixo e 1ª planta) na calzada de Sar nº51.

LIC/1024/2010.- CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA- Acondicionamento da terraza da “Fundación Granel” na praza do Toural nº4 (edificio do Pazo de Bendaña).

LIC/1143/2010.- INVERSIONES FUTURAS DE PONTEVEDRA SL- Prórroga da licenza de obras LIC/1870/2006 concedida por acordo da XGL de data 21.01.2008 para rehabilitar un edificio de planta sótano, baixo e tres plantas para un total de 3 vivendas na rúa da Travesa nº21.

DEVOLUCIÓN DE FIANZAS.-

LIC/945/2010.- CRC OBRAS Y SERVICIOS SL.- Devolución da fianza en garantía da licenza de obra de centro de transformación na rúa da Trisca nº1. O importe da fianza é de 16.000 €.

DIS/1049/2009.- Dna. MARÍA PURIFICACIÓN SOUTO SOUTO- Devolución da fianza aportada en garantía dos posibles danos derivados pola ocupación de vía pública cunha estada na rúa do Patio de Madres nº13. O importe da fianza é de 601 €.

DIS/432/2010.- D. EMILIO SOUSA GONZÁLEZ- Devolución da fianza aportada en garantía dos posibles danos derivados pola ocupación de vía pública cunha estada na rúa de San Pedro nº53. O importe da fianza é de 601 €.

DIS/805/2009.- D. MARCOS FERNÁNDEZ LÓPEZ- Devolución da fianza aportada en garantía dos posibles danos derivados pola ocupación de vía pública cunha estada na rúa de San Clemente nº20. O importe da fianza é de 601 €.

CON CARÁCTER DE URXENCIA

LIC/847/2010.- CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA – Remodelación do IES Rosalía de Castro na rúa de San Clemente nº3

4.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse axudas por importe de 3.188 euros.

5.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á liberación de crédito retido para a realización dunha actividade.

Líberanse 1250 euros para a realización de actividades de voluntariado do programa Compostela Integra.

6.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade relativa á aprobación das bases e convocatoria de subvencións para o fomento do movemento asociativo e de defensa da muller, para o ano 2010.

Apróbanse as bases e un orzamento de 19.000 euros.

7.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Apróbanse 32 axudas por importe total de 119.144,584 euros.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa á solicitude de prórroga do prazo para a presentación da documentación relativa á adxudicación das obras incluídas no POS 2010.

Acórdase solicitar á Deputación da Coruña unha prórroga do prazo para a presentación da documentación relativa á adxudicación de todas as obras que o Concello ten incluídas no POS 2010 ata o 1 de novembro (obras: reforzo do firme nas vías públicas de Sarela de Arriba, Muñín, Cesar, rueiro de Figueiriñas-Muñños e Sabugueira).

9.- Expedientes en materia de contratación.

- Apróbase o prego de cláusulas administrativas e o de prescricións técnicas así como o inicio do expediente para a contratación de subministro de mobiliario e equipamento para as dependencias da Policía Local por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 34.553,14 euros (IVE incluído).

- Apróbase o prego de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente para a contratación do servizo de dirección facultativa superior das obras de reurbanización da rúa Home Santo de Bonaval por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 36.536,71 euros (IVE incluído).

- Apróbase o prego de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente para a contratación do servizo de dirección de execución media das obras de reurbanización da rúa Home Santo de Bonaval por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 36.536,71 euros (IVE incluído).

- Adxudícase o servizo de valoración das ofertas presentadas á licitación das obras de reforzo de firme das vías públicas municipais 2010 (2ª fase) á empresa ARQUITAV ARQUITECTOS SLP, por importe de 21.234,10 euros (IVE incluído).

- Adxudícase provisionalmente o contrato de explotación da cafetería sita na Granxa do Xesto á empresa PENEDO GARCÍA Y OTRA SC que aboará ao Concello un canon de 9.597,84 euros/ano (IVE incluído) e explotará a cafetería por un prazo de 3 anos, susceptible de prórroga.

- Elévase a definitiva a adxudicación das obras de ampliación da rede de abastecemento en Reibó (lugar de Laraño) á empresa AQUAGEST, S.A., por un importe de 69.999 euros máis IVE.

- Elévase a definitiva a adxudicación do servizo de mantemento, conservación e reparación das instalacións do sistema de control de tráfico do termo municipal de Santiago de Compostela á UTE TELVENT TRÁFICO Y TRANSPORTE S.A.- DAVIÑA, S.L., por importe de 428.351,82 euros/ano máis IVE.

- Elévase a definitiva a adxudicación das obras do proxecto de substitución do depósito de augas de Vrins e integración do contorno á empresa AQUAGEST, S.A., por importe de 69.954 euros máis IVE.

- Adxudícase provisionalmente o Servizo de conservación e mantemento do parque de Salgueiriños, reservado a centros especiais de emprego, á empresa INTEGRO XARDINERÍA E MEDIO AMBIENTE, S.L., por importe de 86.107,95 euros (IVE incluído).

10.- Aprobación da achega municipal á Sociedade para a Promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras S.L. (UNINOVA).

Apróbase unha achega por importe de 35.000 euros.

11.- Xustificación dos gastos do convenio asinado coa Fundación Eugenio Granell.

Apróbase a xustificación presentada pola Fundación. (O Concello achega 255.000 euros).

12.- Resolución de recursos de alzada interpostos contra o acordo adoptado pola Xunta de Compensación do solo urbanizable programado número 2 (SUP-2) de Cornes.

Estímase parcialmente un recurso.

13.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á resolución de alegación e aprobación definitiva do proxecto de expropiación das parcelas exteriores ao SUP-1 necesarias para completar a zona libre pública do Plan Parcial de Romero Donallo.

Apróbanse as modificacións de superficie e descrición de bens de dereitos afectados no proxecto de expropiación das parcelas exteriores ao SUP-1 necesarias para completar a zona libre pública do Plan Parcial de Romero Donallo; apróbanse as follas de aprezo e valoración en función da aceptación de alegacións e modificación de superficies; apróbase definitivamente por mutuo acordo o expediente.

14.- Proposta da concelleira delegada de Seguridade Cidadá e do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación dun protocolo para o uso dos pavillóns polideportivos municipais como lugares de pernocta alternativos.

Apróbase o devandito protocolo.

15.- Proposta da concelleira delegada de Participación Cidadá relativa á aprobación do orzamento e bases das subvencións ás asociacións veciñais 2010.

Apróbanse as bases e un orzamento de 65.000 euros.

16.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á aprobación das bases para o outorgamento de subvencións para plantacións forestais en montes do Concello de Santiago.

Apróbanse as bases e un orzamento de 8.000 euros.

18.- Aprobación do orzamento para a celebración das festas do Apóstolo 2010.

Apróbase un orzamento por importe de 338.515 euros.

19.- Propostas do concelleiro delegado de Promoción Económica relativas á realización de diversos servizos docentes para a impartición das accións formativas das especialidades de Fontanería", "Electricidade de edificios" e "Instalador de gas".

Apróbase a realización de catro servizos docentes para impartir o devandito curso.

20.- Dar conta do programa Rede cultural da Deputación da Coruña do ano 2010.

Dáse conta do devandito programa polo que a Deputación achega un total de 22.702 euros.

21.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Secretaría Xeral de Emigración para levar a cabo un programa de información, orientación e inserción sociolaboral para inmigrantes extracomunitarios.

Dáse conta do devandito convenio polo que o Concello achega 30.000 euros e a Xunta, 60.000.

URXENCIAS

1.- Dáse conta da modificación do artigo 6º das bases do II Concurso de Balcóns da Cidade Histórica "Flores na cidade", de tal xeito que o prazo de votación a través da web será do 7 ao 15 de xullo, e o fallo do xurado darase a coñecer o 17 de xullo.

2.- Apróbanse as bases do programa concurso de promoción comercial “Volta ao cole”, cun orzamento de 31.345 euros.

3.- Autorízase a modificación das tarifas do servizo de autotaxi, derivada da suba do IVE, quedando establecidas do seguinte xeito.

<u>TARIFAS</u>	<u>DIURNO</u>	<u>NOCTURNO</u>	<u>FESTIVO</u>
Percepción mínima	3,35 €	4,65 €	3,95 €
Km percorridos	0,87 €	1,31 €	1,09 €
Hora de espera	17,66 €	26,24 €	21,80 €

<u>SUPLEMENTOS</u>	<u>CUSTE</u>
Por maleta ou bulto	0,45 €
Por bicicleta	3,00 €
Por reserva de servizo	3,00 €

<u>SERVIZOS CONTÍA FIXA</u>	<u>TARIFA</u>
Aeroporto de Santiago	19,00 €

4.- Apróbase a provisión de dous postos de traballo previstos no convenio coa Secretaría Xeral de Emigración e asinado o 2 de xullo.

5.- Elévase a definitiva a adxudicación do servizo de acceso WIFI en espazos de uso público en distintas zonas de actuación á empresa COLABORA INGENIEROS, S.L., por importe de 32.782,29, (IVE incluído).